



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Seminarios de Especialización Aplicada I	Código	615545009d	
Titulación	Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Ferrín Pereira, Mónica	Correo electrónico	monica.ferrin.pereira@udc.es	
Profesorado	Cortés Vázquez, José Antonio Ferrín Pereira, Mónica	Correo electrónico	j.a.cortes@udc.es monica.ferrin.pereira@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia o alumnado entrará en contacto directo con distintos proxectos en curso, contribuíndo á súa formación complementaria no deseño e implementación da investigación. Abórdanse neste caso as necesidades da investigación desde os ámbitos do xénero, os retos demográficos e da poboación e a inmigración.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A10	C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.
A13	H3 Desenvolver unha investigación aplicada con fins de intervención relacionada con algún reto complexo da sociedade.
A16	H6 Desenvolver capacidade para planificar a investigación, elixindo correctamente as fases e os procedementos que garantan a máxima rigorosidade e que sexan adecuados a distintos contextos dentro do ámbito público ou privado.
A19	H9 Desenvolver unha capacidade avanzada para avaliar a calidade e os resultados dos procesos de investigación.
A20	CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.
A21	CP2. Aplicar os procesos e protocolos de captación de información de forma ética necesarios para observar e analizar de forma correcta e respectuosa a realidade social, política e económica, especialmente en contextos de alta vulnerabilidade ou complexidade.
A22	CP3. Elaborar e implementar proxectos de investigación en contornas novas ou pouco coñecidos.
A23	CP4. Desenvolver a capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos adquiridos á actividade profesional en contornas interdisciplinares.
A25	CP6. Desenvolver a capacidade de entender en profundidade os fundamentos teóricos e prácticos dos métodos estatísticos, as técnicas multivariantes e as ferramentas de software para a análise avanzada.
A26	CP7. Desenvolver a capacidade de xerar teorías de alcance intermedio e, por tanto, potencialmente aplicables/transferibles á sociedade, interpretando os inputs que xeran as técnicas de análise social.
A29	CP10. Elaborar, presentar e defender de maneira individual un exercicio orixinal de carácter profesional no ámbito da investigación que faga unha contribución significativa ao estado da cuestión no estudo dun problema complexo e/ou á súa resolución práctica.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Aprenderá como o coñecemento teórico avanzado adquirido sobre a investigación social se aplica no estudo das principais realidades sociais, marcadas por procesos e retos como a desigualdade de xénero, a migración, o avellentamento da poboación ou a distribución xeográfica da poboación (por exemplo, rural vs. urbano).	AM10	
	AM13	
Familiarizarse con procesos e proxectos de investigación aplicados reais en entornos multidisciplinares no ámbito do xénero, da migración, do avellentamento da poboación ou a distribución xeográfica da poboación.	AM16	
	AM22	
	AM23	



Coñecerá exemplos da investigación social realizada na actualidade para saber, de forma práctica, como se implementa o coñecemento social para abordar a investigación dos restos sociais actuais.	AM20		
Aprenderá de forma aplicada o uso do método científico, así como a aplicación dos fundamentos epistemolóxicos e éticos da investigación, para os retos da sociedade.	AM21 AM25 AM26		
Saberá transmitir de forma clara os resultados da investigación a distintos públicos especializados ou non	AM29		
Terá a capacidade de desenvolver o seu traballo de investigación de forma autónoma en proxectos de investigación dentro do ámbito temático en contextos de alta transferencia de coñecemento	AM19		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Desigualdades de xénero	Esta investigación propón abordar as causas da desigualdade de xénero en distintos ámbitos. Para analizar este fenómeno emprégase unha metodoloxía mixta, que combina o enfoque cuantitativo e o cualitativo e integra a participación da cidadanía e de axentes políticos.
2. Inmigración e interseccionalidade	Esta investigación propón abordar o estudo da inmigración desde un punto de vista interseccional, facendo énfase nas distintas crises que afectaron a este grupo poboacional. A aproximación metodolóxica repousa nunha estratexia multimétodo que articula técnicas cuantitativas e cualitativas mediante unha estratexia de triangulación de carácter secuencial e que incorpora a participación dos principais axentes implicados.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A10 A13 A16 A20 A22 A26	12	22	34
Obradoiro	A19 A21 A25	12	22	34
Traballos tutelados	A23 A29	16	40	56
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Seminarios nos que se presentarán os distintos proxectos. Os seminarios emitiranse sincronamente a través de Teams e o estudantado terá acceso á gravación dos mesmos.
Obradoiro	Actividades ou eventos vinculados aos distintos proxectos. Os obradoiros emitiranse sincronamente a través de Teams e o estudantado terá acceso á gravación dos mesmos.
Traballos tutelados	Elaboración de informes e traballos avaliábeis sobre os seminarios e os obradoiros.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Titorías baseadas na atención personalizada que fomentan a reflexión sobre temas específicos e facilitan o seguimento e a supervisión do alumnado. No caso dos/as estudantes matriculados a tempo parcial, acordarase un horario de titorías acomodado ás circunstancias persoais do devandito alumnado.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A23 A29	Elaboración de informes sobre os seminarios e os obradoiros.	100

Observacións avaliación

Avaliación do traballo tutelado: memoria na que se realizará un breve resumo comentado sobre cada seminario e obradoiro.

No caso de detección de plaxio a cualificación será de suspenso (nota numérica 0) en calquera das oportunidades.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Pérez-Caramés, A.; Dominguez-Mujica, J. y Ortega-Rivera, E. (2021). Se hace camino al andar. Reemigración de latinoamericanos desde España hacia otros países europeos (2006-2008). <i>Revista Española de Sociología</i>, 30 (4).</p> <p>Pérez-Caramés, A. (2021). La diversificación de los patrones de movilidad en el cambio de ciclo migratorio: procesos emergentes en la nueva emigración desde España. <i>Revista Española de Sociología</i>, 30 (4).</p> <p>Alba Alonso and Marta Lois (eds.). 2022. Género y política. Nuevas líneas de análisis ante la cuarta ola feminista, Valencia: Tirant lo Blanch</p> <p>Ferrín, Mónica. 2022. ?Reassessing Gender Differences in COVID-19 Risk Perception and Behavior.? <i>Social Science Quarterly</i>. 103: 31? 41. https://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/ssqu.13116</p> <p>https://doi.org/10.1111/ssqu.13116</p> <p>Ferrín, Mónica, Gema García-Albacete, and Irene Sánchez-Vitores. 2022. ?How Long Does It Take to Admit That You Do Not Know? Gender Differences in Response Time to Political Knowledge Questions.? <i>Research &amp; Politics</i> 9 (3): 20531680221117456. https://doi.org/10.1177/20531680221117456.</p> <p>Ferrín, Mónica. 2023. ?Self-Employed Women in Europe: Lack of Opportunity or Forced by Necessity?? <i>Work, Employment and Society</i>, September, 09500170211035316. https://doi.org/10.1177/09500170211035316.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Matrícula

Esta é unha do tres materias optativas que se ofertan no 2º cuatrimestre. Para superar a titulación, deberán cursarse polo menos dúas materias optativas, a elixir os seminarios de especialización e o complemento de formación "Análise estatística descritivo e inferencial" (1º cuatrimestre). Quen se matricule no complemento de formación, só necesitará matricularse nun seminario de especialización. Quen non se matricule no complemento de formación, necesitará cursar dous seminarios de especialización. Unha aprendizaxe sustentabel, non sexista e integradora Nas actividades que se leven a cabo nesta materia respetaranse as normas da sustentabilidade, igualdade de sexos e integración das persoas por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais. Sustentabilidade.- A entrega dos traballos documentais realizarase en formato dixital e a través de Moodle. - Cando se empregue papel, aconsellase que sexa reciclado e con formatos de impresión sinxelos e a dobre cara. - Evitarase a impresión innecesaria de borradores.- Non se admitirán traballos con elementos plásticos (portadas, carpetas, etc). Igualdade por razóns de xénero/sexo- Evitaranse actitudes e expresións sexistas Integración das persoas con problemas por razóns físicas, psíquicas ou socioculturales.

- Daraselles o apoio necesario tanto nas actividades programadas como na aprendizaxe en xeral da materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías